

Rama de coñecemento	Tecnolóxica
Prazas ofertadas	50
Créditos ECTS totais	120
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	30
Presencialidade	Presencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O Máster en enxeñaría de telecomunicación proporciona as atribucións profesionais de enxeñaría de telecomunicación (profesión regulada en España). Os e as profesionais que se titulan son actores básicos da sociedade da información e das comunicacións en particular, pero tamén do vertixinoso cambio que estamos vivindo na sociedade en xeral.

O mestrado consta de dous cursos académicos (120 ECTS), con 45 ECTS comúns, 30 ECTS de especialidade, 15 ECTS optativos e 30 ECTS de traballo de fin de mestrado. A especialización é obrigatoria e pódese optar entre Electrónica, Procesamento de sinal para comunicacións, Radiocomunicación ou Telemática.

O traballo de fin de mestrado será en inglés, como tamén a docencia das especialidades de Radiocomunicación e Procesamento do sinal para comunicacións, e algunhas materias optativas. Deste xeito, cada alumno/a cursará como mínimo un 25 ou 50 % da titulación en inglés, o que se considera de grande interese para o seu desenvolvemento futuro nunha sociedade globalizada.

Perfil de ingreso recomendado

O mestrado está orientado á profesión de enxeñaría de telecomunicación e é preciso que o estudiantado dispoña dun grao que o habilite para o exercicio profesional da enxeñaría técnica de telecomunicación ou do ámbito da telecomunicación (que terán preferencia). A admisión de titulados/as por outras universidades estranxeiras ou doutros graos será estudada individualmente pola comisión académica do mestrado, quen determinará ademais se fose preciso os complementos de formación que deberán cursar.

Saídas profesionais

A profesión de enxeñaría de telecomunicación ocúpase das tecnoloxías básicas que sustentan a sociedade da información (SI): sistemas de telecomunicación, sistemas electrónicos, telemática, e son e imaxe. Os e as profesionais formados en calquera destas tecnoloxías representan un recurso humano capital e as persoas tituladas do Máster en enxeñaría de telecomunicación deberán xogar un papel determinante no impulso que, desde as administracións públicas e desde o tecido empresarial, é preciso dar para recortar a brecha que lastra o desenvolvemento económico da nosa contorna.

Informes recentes sobre a demanda laboral da enxeñaría de telecomunicación apuntan a que máis do 96 % dos egresados/as exerce unha actividade laboral, e o desemprego é algo inferior ao 4 %, por baixo da taxa de desemprego global da comunidade. Os datos melloran ao considerar que case a metade das persoas desempregadas o están por ocupar o seu tempo en ampliar a súa formación. Detéctase tamén que egresados e egresadas atopan traballo na maioría dos casos no mesmo ano no que rematan os seus estudos.

Entre quen está empregado/a, o 87 % faino por conta allea e só o 4,5 % por conta exclusivamente propia. O resto compatibiliza ambas as modalidades laborais. A maioría de quen traballa en empresas, realízao en empresas privadas multinacionais (38 %) ou en empresas privadas nacionais (28 %). A Administración pública ten un peso importante (19 %), o mesmo que a empresa pública (13 %). A porcentaxe de contratos indefinidos ou fixos acada o 65 %.

As e os profesionais de enxeñaría de telecomunicación desenvolven o seu potencial en empresas do sector como operadores/as de servizos de telecomunicación, fabricantes de compoñentes e sistemas, consultoras, e plataformas tecnolóxicas, así como centros de investigación. As tecnoloxías de información e as comunicacións (TIC) e a sociedade da información precisan profesionais en todos os sectores industriais dada a necesidade de coñecemento que se incorpora cada vez máis a todos os sectores. Estamos a falar dunha enxeñaría transversal en tanto que é fornecedora de coñecemento imprescindible na industria e nos servizos de todo tipo.

Máis información

Coordinadora	Edita de Lorenzo Rodríguez
Páxina web do mestrado	http://teleco.uvigo.es/index.php/es/estudios/mit
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/enxeneiro_telecomunicacion.htm
Código RUCT:	4314896
Enlace ao RUCT:	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4314896&actual=estudios
Teléfonos	986 812 100/986 813 910
Enderezo electrónico	Teleco.master@uvigo.es